

**ACORDOS NÚMERO 3/2017**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DÍA 16 de febreiro de 2017**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día dezaseis de febreiro de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

- 1- APROBACION SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 1/2017 E 2/2017 CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 19.01.2017 E 26.01.2017.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- INSPECCION PERIODICA DE ASCENSORES.-
- 4- INCENDIOS 2017.-
- 5- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O MANTEMENTO DO PERSOAL TECNICO EN XESTION CULTURAL ANO 2017.-
- 6- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O MANTEMENTO DO PERSOAL TECNICO DEPORTIVO ANO 2017.-
- 7- PROGRAMA DE ALIMENTOS 2017.-
- 8- SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR.-
- 9- APROBACION DE PRESUPOSTO DE EMPRESA VIRAXES.-
- 10- INFORMACIONS ALCALDIA.-
- 11- ROGOS E PREGUNTAS.-

**1.- APROBACION SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 1/2017 E 2/2017 CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 19.01.2017 E 26.01.2017.-**

Acordos adoptados:

Aprobar as actas nº 1/2017 e 2/2017 correspondente as sesións anteriores levadas a cabo os días 19.01.2017 e 26.01.2017 respectivamente.

**2.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Pola Presidencia dase conta do seguintes escritos recibidos:

1. Da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio número de rexisto de entrada 161 en relación a denuncia urbanística en Bedrobe, referencia: COR/15/2017

### **3.- INSPECCION PERIODICA DE ASCENSORES.-**

Acordos adoptados:

Chamar á empresa encargada do mantemento dos ascensores para que subsane os defectos antes das datas indicadas no informe.

### **4.- INCENDIOS 2017.-**

Acordos adoptados:

Solicitar unha axuda para o programa de actuacións preventivas.

### **5.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O MANTEMENTO DO PERSOAL TECNICO EN XESTION CULTURAL ANO 2017.-**

Acordos adoptados:

1. Solicitar unha axuda a Deputación provincial de A Coruña para o mantemento do persoal técnico en xestión cultural das áreas municipais de cultura, en réxime de dereito laboral ou administrativo, con cumprimento das disposicións vixentes e respectando, en todo caso, os requisitos de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

### **6.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O MANTEMENTO DO PERSOAL TECNICO DEPORTIVO ANO 2017.-**

Acordos adoptados:

1. Solicitar unha axuda a Deputación provincial de A Coruña para o mantemento do persoal técnico deportivo.

### **7.- PROGRAMA DE ALIMENTOS 2017.-**

Acordos adoptados:

Conceder s axuda ás persoas que solicitaron o programa de alimentos 2017 que cumpren co establecido, según informe da traballadora social.

### **8.- SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR.-**

Acordos adoptados:

Conceder o servizo de axuda no fogar de libre concurrencia segundo proposta formulada pola traballadora social.

#### **9.- APROBACION DE PRESUPUESTO DE EMPRESA VIRAXES.-**

Acordos adoptados:

Aprobar o presuposto nº PO59/17 de data 30.01.2017 elaborado pola empresa Viraxes para 10 Step profesional sportworld 110x42x15cm por un importe de 627,14€ IVA incluído.

#### **10.- INFORMACIONES ALCALDIA.-**

O señor alcalde informa de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do programa LER CONTA MOITO pon á disposición da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia un catálogo de actividades de dinamización da lectura para que, segundo as preferencias e necesidades de cada biblioteca, poidan acollerse ao programa. O prazo de solicitude será do 01 ao 15 de febreiro de 2017, ambos inclusive, deberase cubrir o formulario electrónico de solicitude.

A Secretaría Xeral de Cultura aboará o 75% de seu custo, tras a realización das actividades debidamente xustificadas.

Unha vez coñecidas as bases e o sistema de xestión do programa de animación da lectura LER CONTA MOITO, este Concello acepta as citadas bases e solicita a súa participación no programa realizando as seguintes actividades na Biblioteca Municipal deste concello:

- Titulo de actividade: Brinca Vai! De aquí a acolá, esta dirixido para todas as idades o tempo desta actividade é de 60 minutos sendo, o orzamento 330,00€.
- Titulo da actividade: O curral de Cocoricoricó, esta dirixido para os bebés de 0 a 3 anos, o tempo desta actividade é de 30 minutos, sendo o orzamento de 250,00€.
- Titulo da actividade: A casiña de Cartón, esta dirixido os nenos/as de 3 a 8 anos, o tempo desta actividade é de 45 minutos, sendo o seu orzamento 350,00€.
- Titulo da actividade: As cousas pequenas contan, esta dirixido os nenos/as de 6 a 12 anos, o tempo desta actividade é de 90 minutos, sendo o seu orzamento 230,00€.

#### **11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:30h